



## FEDERACION GALEGA DE PATINAXE

Plaza de Agustín Díaz, 3 (Complejo Deportivo Elviña)  
15008 - La Coruña  
Teléfonos - 981-130.994 – 981-134.183  
www.fgpatinaxe.com – Email: secretaria@fgpatinaxe.gal



XUNTA  
DE GALICIA



DEPORTE  
GALEGO



Xacobeo 21-22

### CIRCULAR Nº 1

### Tempada 21-22

### Federación Galega de Patinaxe

**Destino:** Comités Técnicos e clubs.

**Asunto:** Actividade deportiva federada e protocolos Físicovid-Dxtgalego.

Ante as novas medidas anunciadas pola Xunta de Galicia, que se fixeron oficiais coa súa publicación no correspondente DOG do venres 8 de outubro, procedeuse a consultar á Secretaría Xeral para o Deporte que procedemento se pode instruír para permitir o acceso de público ás competicións reguladas por esta federación. A resposta que se nos dá remítenos a continuar nas mesmas condicións do Protocolo Físicovid-DXTgalego mentres non sexa actualizado.

Atendendo á demanda social crecente, a FGP emite esta circular para incorporar as variables a ter en conta para permitir o acceso do público aos campionatos oficiais, sendo sempre decisión do club organizador permitir ou non dito acceso:

- Normativa propia do Concello onde se celebra o campionato.
- Aforo do Pavillón.
- Recursos humanos e materiais do club organizador.

Estas variables afectarán ao procedemento, sempre cumprindo as medidas vixentes nestes momentos, que son as seguintes:

- Aforo máximo en interiores do 80%.
- Mantemento da distancia interpersoal de seguridade de 1,5 m.
- Control de acceso con toma de temperatura e hixiene de mans con xel hidroalcohólico.
- Uso de máscara en todo momento (prohibido comer e beber).
- Espectadores/ as permanecen sentados en todo momento, desde o seu acceso ata a súa saída da instalación.
- Diseñar as circulacións, a fin de que non se produzan aglomeracións na entrada ou na saída.
- Asegurar a trazabilidade.

Por todo iso, recoméndase a cada club organizador que tome as seguintes medidas:



## FEDERACION GALEGA DE PATINAXE

Plaza de Agustín Díaz, 3 (Complejo Deportivo Elviña)  
15008 - La Coruña  
Teléfonos - 981-130.994 – 981-134.183  
www.fgpatinaxe.com – Email: secretaria@fgpatinaxe.gal



XUNTA  
DE GALICIA



DEPORTE  
GALEGO



Xacobeo 21-22

- Establecer un control de acceso á instalación, con listaxe de acompañantes por cada patinador/a, sendo permitidos 1 ou 2 en función do aforo total permitido. Os clubs participantes deberán achegar esta información coa debida antelación.
- Establecer un control de acomodación na bancada, de modo que se manteñan as distancias de seguridade interpersoal entre unidades non convivintes. Recoméndase utilizar para iso unha fila si, unha fila non, e deixar dous asentos libres entre unha unidade de convivintes e a seguinte.
- Nos casos en que o aforo do pavillón sexa moi reducido, ademais de permitir un único acompañante por patinador/a, poden establecerse quendas de acceso correspondentes a quendas de participación dos/das deportistas.

No caso de que os clubs organizadores decidan habilitar o acceso á instalación, deben enviar un correo a [secretaria@fgpatinaxe.gal](mailto:secretaria@fgpatinaxe.gal), achegando as medidas e procedementos que van empregar, segundo as características do seu campionato, normas particulares do lugar de celebración, e persoal e medios co que van contar para implementalas, sempre con antelación á celebración da competición.

En A Coruña a 8 de outubro de 2021.

Federación Galega de Patinaxe